



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL
DO 05.11.2019**

LUGAR: Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 05.11.2019

HORA DE COMEZO: 11:30 h.

HORA DE REMATE: 12:10 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva

D. Manuel Joaquín Reigosa Roger

D. Xulio Calviño Rodríguez

D. Javier Garrido Valenzuela

D^a Natalia Zunzunegui Garrido

ESCUSAN ASISTENCIA

D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo

NON ASISTEN

D^a Marta Iglesias Bueno

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O martes día 5 de novembro de 2019, ás 11:30 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión Executiva do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (28.05.2019).
- 2.** Informe do Presidente.
 - Cambio de destino da axuda concedida á Facultade de Ciencias do Mar dentro do programa de Prácticums convocado para o curso 2018/2019.
- 3.** Análise da taxa de abandono e cambio de estudos nas titulacións da UVigo, consonte os datos da Área de Calidade. Profundización na problemática dos Graos.
- 4.** Aprobación, se procede, das taxas correspondentes aos seguintes cursos:
 - IV Curso complementario en "Pilates en mat para fisioterapeutas"
- 5.** Supervisión, se procede, das taxas correspondentes aos seguintes cursos:
 - I Curso complementario en "Ecografía básica en fisioterapia: sonoanatomía"
 - II Curso complementario en "Robots Colaborativos "Universal Robots". Fundamentos de programación, configuración e xestión dos sistemas de seguridade"
 - I Curso de especialista en "Desenvolvemento de software e negocio dixital"
 - I Curso de especialista en "Electrónica para compoñentes de automoción"
 - II Curso de especialista en "Tradución para a industria do videoxogo"
 - VI Curso de especialista en "Dirección de loxística e produción"
 - II Curso de formación en "Actualización en literatura española (ALITES 2019). Don Juan Tenorio de José Zorrilla"
 - II Curso de formación en "Javascript para aplicacións Web e móbiles"
 - XVII Curso de formación en "Introdución á bolsa"
 - XVIII Curso de máster/especialista en "Auditoría e Contabilidade"
- 6.** Informe que proceda sobre as Memorias finais dos seguintes cursos:
 - a) Con aprobación previa do Presidente:
 - I Curso de formación en "Adestramento deportivo de alto rendemento"
 - III Curso complementario en "Pilates en mat para fisioterapeutas"
 - I Curso de formación en "Negociación colectiva e individual no ámbito laboral"
 - I Curso de formación en "Javascript para aplicacións Web e móbiles"
 - V Curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos"
 - V Curso de formación en "Programación Java"
 - XV Curso de formación en "O IVE na fiscalidade empresarial. Edición 2019"
- 7.** Modificación, se procede, do punto 2.c) da Normativa e recomendacións do Consello Social sobre prezos e taxas das ensinanzas propias, no que atingue ao pago máximo autorizado por profesor.
- 8.** Análise da posible aplicación dos artigos 79.1e) e do 80.3) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG, e do artigo 11 do Regulamento do Consello Social. Acordo que proceda.
- 9.** Rogos e preguntas.

Asiste como convidado o director da Área de Calidade da Uvigo, Joaquin Collazo, para informar da análise das causas que moven aos estudantes que abandonan as súas carreiras.



PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (28.05.2019).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do Presidente.

- *Cambio de destino da axuda concedida á Facultade de Ciencias do Mar dentro do programa de Prácticums convocado para o curso 2018/2019.*

Dá conta Ernesto Pedrosa da Memoria final presentada polo decano de Ciencias do Mar, na que explica o cambio das actividades realizadas polos alumnos con cargo ao programa de Prácticums que desenvolve o Consello Social. Argumentase na Memoria a imposibilidade de executar o programa presentado na proposta inicial, e comunica o decano as iniciativas que se desenvolveron como alternativa para beneficiar á práctica totalidade do alumnado. A Comisión entende que as experiencias organizadas son igualmente beneficiosas para o acceso dos alumnos ás prácticas externas e dá a súa conformidade ao pago da actividade sobrevida.

PUNTO 3

Análise da taxa de abandono e cambio de estudos nas titulacións da UVigo, consonte os datos da Área de Calidade. Profundización na problemática dos Graos.

Comparece de novo ante a Comisión o director da Área de Calidade da UVigo, Joaquín Collazo, para explicar as principais causas dos abandonos rexistrados na UVigo durante os tres cursos comprendidos entre 2015 e 2018, concretamente nos Graos, por ser os estudos máis afectados. Lembra os datos sobre abandonos e graduacións presentados na Executiva do pasado mes de abril e no Pleno de xuño, para entrar a continuación na análise das causas.

Presenta os estudos que permiten coñecer a situación por titulacións individualizadas, por Campus e por ámbitos de coñecemento. Entre as principais conclusións explica que case a metade de abandonos se producen por cambios de estudo a outras titulacións da UVigo, e que, por regra xeral, as titulacións que teñen máis abandonos teñen tamén a maior taxa de cambio de estudos. Tamén se detectou que a nota mínima de acceso é a que semella ter menos influencia na taxa de abandono.

Tras varias preguntas, aclaracións e reflexións dos presentes, o presidente agradece a participación de Joaquín Collazo e solicítalle a presentación dos datos nun próximo Pleno, dada a súa relevancia.

- ***A Comisión dáse por informada.***

PUNTOS 4 e 5

Aprobación, se procede, das taxas correspondentes aos seguintes cursos:

- *IV Curso complementario en "Pilates en mat para fisioterapeutas"*

Supervisión, se procede, das taxas correspondentes aos seguintes cursos:

- *I Curso complementario en "Ecografía básica en fisioterapia: sonoanatomía"*
- *II Curso complementario en "Robots Colaborativos "Universal Robots". Fundamentos de programación, configuración e xestión dos sistemas de seguridade"*
- *I Curso de especialista en "Desenvolvemento de software e negocio dixital"*
- *I Curso de especialista en "Electrónica para compoñentes de automoción"*
- *II Curso de especialista en "Tradución para a industria do videoxogo"*
- *VI Curso de especialista en "Dirección de loxística e produción"*
- *II Curso de formación en "Actualización en literatura española (ALITES 2019). Don Juan Tenorio de José Zorrilla"*



- *II Curso de formación en "Javascript para aplicacións Web e móbiles"*
- *XVII Curso de formación en "Introdución á bolsa"*
- *XVIII Curso de máster/especialista en "Auditoría e Contabilidade"*

Examinadas as propostas que se achegan, os contidos, as casuísticas e as circunstancias administrativas e académicas que presentan, así como analizadas e explicadas polo secretario as incidencias e a adecuación ás normas e recomendacións do Consello Social no casos dos cursos de "Desenvolvemento de software e negocio dixital" e de "Dirección de loxística e produción", cuxos directores presentan xustificacións e aclaracións suficientes, a Comisión ACORDA:

• **Aprobar os seguintes cursos:**

IV Curso complementario en "Pilates en mat para fisioterapeutas"; I Curso complementario en "Ecografía básica en fisioterapia: sonoanatomía"; II Curso complementario en "Robots Colaborativos "Universal Robots". Fundamentos de programación, configuración e xestión dos sistemas de seguridade"; I Curso de especialista en "Desenvolvemento de software e negocio dixital"; I Curso de especialista en "Electrónica para compoñentes de automoción"; II Curso de especialista en "Tradución para a industria do videoxogo"; VI Curso de especialista en "Dirección de loxística e produción"; II Curso de formación en "Actualización en literatura española (ALITES 2019). Don Juan Tenorio de José Zorrilla"; II Curso de formación en "Javascript para aplicacións Web e móbiles"; XVII Curso de formación en "Introdución á bolsa"; XVIII Curso de máster/especialista en "Auditoría e Contabilidade".

PUNTO 6

Informe que proceda sobre as Memorias finais dos seguintes cursos:

a) Con aprobación previa do Presidente:

- *I Curso de formación en "Adestramento deportivo de alto rendemento"*
- *III Curso complementario en "Pilates en mat para fisioterapeutas"*
- *I Curso de formación en "Negociación colectiva e individual no ámbito laboral"*
- *I Curso de formación en "Javascript para aplicacións Web e móbiles"*
- *V Curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos"*
- *V Curso de formación en "Programación Java"*
- *XV Curso de formación en "O IVE na fiscalidade empresarial. Edición 2019"*

Revisada a documentación e os informes emitidos polos servizos universitarios implicados, e admitidas as explicacións presentadas pola directora do curso "Negociación colectiva e individual no ámbito laboral" con incidencias, a Comisión ACORDA:

• **Informar favorablemente as seguintes Memorias:**

I Curso de formación en "Adestramento deportivo de alto rendemento"; III Curso complementario en "Pilates en mat para fisioterapeutas"; I Curso de formación en "Negociación colectiva e individual no ámbito laboral"; I Curso de formación en "Javascript para aplicacións Web e móbiles"; V Curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos"; V Curso de formación en "Programación Java"; XV Curso de formación en "O IVE na fiscalidade empresarial. Edición 2019".

PUNTO 7

Modificación, se procede, do punto 2.c) da Normativa e recomendacións do Consello Social sobre prezos e taxas das ensinanzas propias, no que atingue ao pago máximo autorizado por profesor.

O presidente e o secretario expoñen a situación actual que recollen as Normas do Consello Social, e a variación que comporta a modificación que se propón a instancia da Vicerreitoría de Captación de alumnado, estudantes e Extensión universitaria, que afectaría ao punto 2.c) da Normativa e recomendacións do Consello Social sobre prezos e taxas das ensinanzas propias, no que



atingue ao pago máximo autorizado por profesor. Elimínase o límite máximo a cobrar por cada docente, establecido en 700 euros ata o de agora, e aplicado xa na resolución reitoral pola que se publica a convocatoria de axudas para organizar cursos de Extensión universitaria no ano 2019. A causa principal desta decisión é permitir que nalgúns casos e formatos se poidan facer cursos con un menor número de profesores sen ter que fraccionar a docencia. A Comisión ACORDA:

- ***Admitir a modificación proposta e informar favorablemente ao Pleno.***

PUNTO 8

Análise da posible aplicación dos artigos 79.1e) e do 80.3) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG, e do artigo 11 do Regulamento do Consello Social. Acordo que proceda.

A instancias do presidente, a Comisión toma coñecemento da posible afectación do artigo 11 do Regulamento do Consello Social a membros do Consello Social con continuas e inxustificadas ausencias ás reunións do Consello Social durante 2019. Conveñen os presentes en que nesta materia se exerzan as obrigas e competencias ca maior flexibilidade e diálogo posible. O secretario informa que, si ben son moi illados, hai precedentes nos que se optou por remitirilles unha carta aos implicados antes de dar cumprimento ao disposto no Regulamento. Acórdase agardar cautelamente ao próximo Pleno.

PUNTO 9

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:10 horas do 5 de novembro de 2019, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente da Comisión Executiva,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias